



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2019/G010/000014

ALCALDE

D. Mariano Iglesias Castro.

CONCELLEIROS/AS:

PSdeG-PSOE:

D^a Pilar Sánchez Ulloa.

D. Gervasio Sánchez Barreiro.

D. José Pardo Álvarez.

D. José Manuel Blanco López.

D. José Fernando García Lesta.

D^a María Amparo García Pernas.

D. José Bello López.

PP:

D. Javier López Vázquez.

BNG:

D^a Beatriz Louro López.

Non asisten e se escusan:

PSdeG-PSOE:

D. José Fernando García Lesta.

D. Manuel Méndez Remeseiro.

SECRETARIO - INTERVENTOR :

D Eladio Bendaña Pardo.

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE MESÍA CELEBRADA O DÍA 4 DE OUTUBRO DE 2019

En Mesía, a 4 de outubro de 2019, sendo as trece horas e trinta minutos, na Casa do Concello, logo da convocatoria para o efecto, reuníronse, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros que se relacionan na marxe, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria do Pleno.

A tódolos asistentes entregáraselles copia da Orde do Día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente. Estando presente o quórum necesario, polo Sr. Alcalde declárase validamente constituída a sesión. Pásase a continuación a tratalos seguintes asuntos incluídos na Orde do Día:



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2019/G010/000014

1. APROBACIÓN DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS CELEBRADAS OS DÍAS 2 DE AGOSTO E 9 DE SETEMBRO DE 2019.

Abre a sesión o Sr. Alcalde preguntando se por parte dos concelleiros se quere facer algunha aclaración dos borradores das actas correspondentes ás sesións sinaladas no epígrafe.

Non habendo pronunciamentos ó respecto, sometese a votación a aprobación das mesmas, adoptándose o acordo por unanimidade dos membros presentes.

2. ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN SUBSCRITO ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A FEGAMP E SEAGA EN MATERIA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, PARA O ESTABLECEMENTO DUN SISTEMA PÚBLICO DE XESTIÓN DE BIOMASA NAS FAIXAS SECUNDARIAS.

O Sr. Alcalde da conta da proposta, da que o seu teor literal di:

“ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN SUBSCRITO ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A FEGAMP E SEAGA EN MATERIA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS, PARA O ESTABLECEMENTO DUN SISTEMA PÚBLICO DE XESTIÓN DE BIOMASA NAS FAIXAS SECUNDARIAS

Visto o escrito do Conselleiro de Medio Rural, de data 18.09.2019, na que comunica que, co fin de protexer aos cidadáns galegos que viven no rural dos incendios forestais, a Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia apoiará aos concellos con axuda técnica para elaborar os seus plans municipais de defensa contra incendios e con ferramentas administrativas e informáticas específicas para xestionar toda a tramitación administrativa da limpeza de franxas e que poidan comunicarse cos propietarios das fincas.

Vista a Orde do 9 de agosto de 2018, da Consellería de Medio Rural, pola que se publica o Convenio de colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia, a Fegamp e Seaga en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais, para o establecemento dun sistema público de xestión de biomasa nas faixas secundarias (DOG núm. 156, 17.08.2019), que literalmente di:

“Convenio de colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia, a Fegamp e Seaga en materia de prevención e defensa contra incendios forestais, para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias

Santiago de Compostela, 9 de agosto de 2018.

Reunidos:

Pola Xunta de Galicia, Ángeles Vázquez Mejuto, conselleira do Medio Rural, en exercicio



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2019/G010/000014

das atribucións conferidas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia.

Pola sociedade mercantil pública autonómica, Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (Seaga), Pablo Arbones Mancíñeira, en nome e representación daquela, en virtude das atribucións que lle confiren os seus estatutos.

Pola Federación Galega de Municipios e Provincias, o seu presidente, Alfredo L. García Rodríguez, que actúa en nome e representación daquela, en virtude das atribucións que lle confire o artigo 46.1.b) dos seus estatutos.

Todos as persoas intervinientes actúan coa representación que legal e regulamentariamente teñen conferida.

Expoñen:

Primeiro

O artigo 4 da lei básica estatal, Lei 43/2003, do 21 de novembro, de montes, prevé a función social dos montes vinculada á produción de recursos naturais e servizos ambientais.

O importante valor que o monte cumpre para a nosa sociedade no seu conxunto está ameazado pola propagación de incendios forestais, que afectan a súa riqueza ambiental e paisaxística e as actividades agroforestais que se desenvolven no monte. Así mesmo, eses incendios están ameazando a seguridade das persoas e dos bens.

Como recorda a Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, unha das áreas máis sensibles para a prevención dos incendios é da interface urbano-forestal, isto é, aquelas áreas que abranguen o perímetro común entre os terreos forestais e os núcleos de poboación habitados.

En outubro de 2017 púxose de novo en evidencia que en condicións meteorolóxicas extremas a intencionalidade incendiaria en Galicia se dispara cun nivel diario de novos lumes que, frecuentemente, superan os 100 lumes novos diarios.

Nestas condicións a dificultade de loita á vez cun elevado número de lumes simultáneos fai imprescindible o reforzo das medidas estruturais sobre o territorio, garantindo as discontinuidades no arboredo previstas na normativa, así como os espazos abertos arredor dos núcleos habitados e outras instalacións para garantir unha mellor defensa da seguridade dos galegos, nestas situacións de múltiples lumes simultáneos provocados con intención de queimar en condicións, sobre todo, de ventos fortes.

Nas circunstancias extraordinarias púxose de manifesto a necesidade de adoptar medidas adicionais para evitar estes incendios especialmente complexos polo risco que existe para as persoas e os bens, así como a conveniencia de que esas medidas se implementen nun contexto máis amplo que comprometa a colaboración das administracións públicas con competencias en prevención de incendios forestais e que comprometa tamén as persoas propietarias de terreos forestais que teñen a obriga de acometer esa prevención mediante a limpeza dos seus terreos.

Neste contexto, e a través do presente convenio, canalízase a cooperación entre a Administración local e a Administración autonómica como vía para acometer tarefas de claro interese público como é a de xestionar a biomasa vexetal con alto potencial combustible, especialmente nos terreos forestais que estean preto dos núcleos de



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800B Telf. (981) 63 70 01 – Fax 63 70 69

exp. 2019/G010/000014

poboación, asegurando a súa retirada con anterioridade á época de perigo de incendios polas persoas titulares das parcelas, así como, no caso de incumprimento destas obrigas esenciais, asegurar a súa execución subsidiaria, a través de procedementos áxiles, por parte das administración públicas.

Segundo

Conforme a Lei de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, e dentro do sistema de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia, son esenciais as denominadas redes de faixas de xestión de biomasa, como conxunto de parcelas lineais do territorio, estratexicamente situadas, onde se garante a xestión da biomasa, é dicir, o control e a eliminación total ou parcial da biomasa forestal, mediante técnicas silvícolas adecuadas, co obxectivo principal de reducir o risco de incendio.

Nestas redes de faixas é competencia da Xunta de Galicia a xestión das redes primarias e terciarias de xestión de biomasa, e compete ás entidades locais a xestión das redes secundarias.

É obrigatorio nestas faixas a xestión da biomasa, entendida como aquelas operacións dirixidas a crear e a manter unha descontinuidade horizontal e vertical da carga de combustible no terreo forestal e na súa zona de influencia, a través do control ou da eliminación parcial ou total da biomasa vexetal.

As denominadas redes secundarias de xestión de biomasa teñen un ámbito e son de competencia municipal e posúen a función prioritaria de protexer os núcleos de poboación, as infraestruturas, os equipamentos sociais, as zonas edificadas, os parques e os polígonos industriais.

A definición dos espazos que integran as faixas secundarias debe facerse nos plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais e, dentro desas faixas, a obriga de xestión de biomasa compete ás persoas titulares do dereito de aproveitamento sobre as parcelas incluídas nesas faixas.

No suposto de incumprimento destas obrigas por parte dos particulares, compete aos concellos a comunicación da necesidade do seu cumprimento e advertir da execución subsidiaria da dita obriga pola Administración local con repercusión de custos, e, de ser o caso, comiso de especies arbóreas prohibidas que deba retirar a Administración.

Na situación actual dos montes galegos, que na súa maioría son montes de particulares, moitas veces con reducida superficie, e ás veces con problemas de titularidade ou con persoas titulares descoñecidas que dificultan esa xestión da biomasa forestal, púxose de manifesto que o incumprimento polas persoas particulares da súa obriga de xestión de biomasa determina que existan circunstancias especiais de perigo de que se orixine un incendio forestal e se estenda ás parcelas limítrofes.

Para evitar esta situación abórdouse unha modificación lexislativa mediante a Lei 9/2017, de medidas fiscais e administrativas, que permitiu axilizar as actuacións de execución subsidiaria, mais resulta necesario continuar no labor de prevención dos incendios forestais, adoptando as actuacións necesarias para facilitar que as persoas titulares dos montes poidan cumprir as súas obrigas de xestión da biomasa contribuíndo a ese esforzo por parte das administracións competentes, naquelas zonas que reúnen circunstancias de especial perigo ou necesidade, de modo que se contribúa a normalizar actuacións que deben ser ordinarias e formar parte do adecuado coidado dos montes. E adoptando as actuacións necesarias para que a execución subsidiaria da xestión da biomasa nas faixas secundarias se adopte o antes posible.

Estímase que en Galicia as faixas secundarias poden superar as 130.000 ha. Destas



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-15048COB Telf. (381) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2019/G010/000014

pode considerarse que a metade están ocupadas por terreos que incumpren a normativa en vigor.

Un investimento mantido de 7,5 millóns de euros anuais (5.696.000 € no que resta do ano 2018) que permitiría actuar nunhas 16.000 ha de faixas secundarias, garantindo ata o ano 2021 actuar nas faixas secundarias dos concellos máis afectados polos lumes, tanto no que respecta aos terreos abandonados como naqueles de particulares que se adhiran á subscrición dun contrato de xestión de biomasa coa entidade xestora do sistema que se diseña no presente convenio.

As actuacións que se van desenvolver incluírán tamén o apoio aos concellos para a determinación das faixas secundarias de xestión de biomasa nos plans municipais de defensa contra os incendios.

Estes plans quedarán reflectidos a nivel de parcela catastral nun visor que no ano 2021 abranguerá todos os concellos de Galicia.

Terceiro

Conscientes da situación descrita, a Xunta de Galicia pon en marcha un Plan estratéxico de prevención de incendios forestais que inclúe varias medidas, entre elas a que se instrumenta a través deste convenio mediante a cooperación como vía para realizar unha misión de interese público, como é a prevención de incendios forestais mediante a xestión da biomasa nos concellos en que as faixas de xestión de biomasa poden ocasionar maiores problemas de incendios, medida que se instrumenta mediante o presente convenio.

Así, este convenio instrumenta esa cooperación nas tarefas de interese público, mediante o fomento da necesaria prevención de incendios por parte das persoas particulares, facilitando que cumpran coa súa obriga de xestión da biomasa dos seus montes. Así, e a través deste convenio, co fin de que os montes queden nun estado de ausencia de perigo para os bens e as persoas, aquelas persoas titulares de montes que se comprometan a formalizar coa entidade xestora do sistema un contrato de xestión da biomasa dos seus montes durante o prazo de vixencia deste convenio, aboando unha tarifa uniforme fixada por hectárea, beneficiaranse das vantaxes do sistema, que inclúen, a asunción polas administracións convenientes dos maiores custos a que poida dar lugar a indicada xestión.

Instrumentábase tamén a cooperación nas tarefas de interese público, mediante a cooperación para a execución subsidiaria da xestión da biomasa nos casos en que as persoas particulares non cumpran coas súas obrigas legais.

Cuarto

Son varios os fundamentos legais da cooperación entre administracións para poder acometer unha misión común de servizo público.

Así, e entre as competencias que, no relativo ás relacións coas entidades locais galegas, corresponden á Xunta de Galicia, de acordo co disposto nos artigos 194 e 195 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, está a xenérica de cooperación e colaboración, que se podera levar a cabo mediante a subscrición de convenios.

En particular, o artigo 198 da Lei prevé que, coa finalidade da máis eficaz xestión e prestación dos servizos da súa competencia, a Xunta de Galicia e as entidades locais poden, mediante os convenios, coordinar as políticas de fomento dirixidas a un mesmo sector, executar puntualmente as obras ou os servizos da competencia dunha das partes,



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-15048COB Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2019/G010/000014

desenvolver actividades de carácter prestacional e adoptar as medidas oportunas para acadar calquera outra finalidade de contido análogo ás anteriores.

A Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, tamén regula unha específica colaboración entre a Xunta de Galicia e entidades locais na materia obxecto do presente convenio.

Así, o artigo 1 desta lei establece o seu obxecto de defender os montes ou os terreos forestais fronte aos incendios e protexer as persoas e os bens afectados por eles, promovendo a adopción dunha política activa de prevención coordinada de todas as administracións públicas de acordo coa lexislación galega en materia de emerxencias, baseada, entre outros aspectos, na actuación nos montes e nas áreas lindeiras mediante os tratamentos adecuados da biomasa e no establecemento das condicións para a protección dos asentamentos rurais respecto aos incendios forestais, no marco dunha política integral de desenvolvemento rural.

A lei atribúe no seu artigo 6 á Xunta de Galicia, para o seu exercicio polo Consello da Xunta de Galicia e a consellería competente en materia forestal, entre outras competencias, as relativas a establecer a política xeral de prevención e loita contra os incendios forestais; programar e executar actuacións de prevención e loita contra os incendios forestais; establecer as medidas de prevención e loita contra os incendios forestais que sexa necesario adoptar tanto pola Administración como polos particulares e asegurar o seu cumprimento; xestionar as redes primarias e terciarias de faixas de xestión de biomasa, coordinar as actuacións das administracións públicas e dos particulares nas tarefas de prevención e loita contra os incendios forestais e promover mecanismos de participación social nas devanditas tarefas; e proceder á execución subsidiaria ou directa de traballos preventivos nos termos establecidos na lei.

Segundo o artigo 7 da devandita lei, corresponde aos concellos elaborar e aprobar os plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais; adoptar as medidas de prevención de incendios forestais que lles correspondan en terreos da súa titularidade; ordenar a execución das obras necesarias para conservar e manter o solo e a biomasa nas condicións precisas que eviten os incendios e, en particular, xestionar as redes secundarias de faixas de xestión da biomasa e as faixas laterais das redes viarias da súa titularidade.

Engade o artigo 7 da Lei 3/2007, do 9 de abril, que os concellos, no exercicio da competencia relativa a ordenar a execución das obras necesarias para conservar e manter o solo e a biomasa nas condicións precisas que eviten os incendios, poderán contar coa colaboración técnica e/ou económica da Xunta de Galicia, nos termos previstos no artigo 59 da devandita lei e consonte o establecido no artigo 331.1 da Lei 5/1997, do 5 de agosto, de Administración local de Galicia.

O citado artigo 59, «Colaboración coas entidades locais», establece no seu número 1 que a Xunta de Galicia colaborará coas entidades locais para a prevención e extinción de incendios, ben a través de medios propios, ben por medio de mecanismos de apoio económico.

O número 2 do mesmo artigo dispón que a Xunta de Galicia incluírá nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma dotacións económicas para a subscripción de convenios de colaboración cos concellos para, entre outros aspectos, a realización de traballos preventivos nas vías e montes de titularidade municipal e para a xestión da biomasa das parcelas de propietario descoñecido.

Especialmente o artigo 8 da lei, «Cooperación administrativa», establece que as administracións públicas de Galicia colaborarán entre si e cooperarán nas tarefas de



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-15048C0B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2019/G010/000014

prevención e loita contra os incendios forestais, achegando os medios materiais, económicos e humanos á súa disposición nos termos da presente, lei.

Pola súa banda, o artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, prevé unha especial fórmula de cooperación entre administracións públicas e as entidades con personalidade xurídica privada que sexan poderes adxudicadores, ao prever a cooperación vía convenio para establecer ou desenvolver unha cooperación entre as entidades participantes coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se prestan de modo que se logren os obxectivos que teñen en común, cooperación que debe estar guiada unicamente por consideracións relacionadas co interese público.

En cumprimento das anteriores previsións legais, e no marco da súa responsabilidade na xestión e na dirección do sistema de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia e na planificación estratéxica de prevención dos incendios forestais, a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Consellería do Medio Rural, desexa cooperar cos concellos no exercicio das competencias que lles corresponden na prevención dos incendios forestais a través da xestión da biomasa e a retirada de especies arbóreas nas redes de faixas secundarias de xestión de biomasa, o que se instrumenta mediante a creación no presente convenio dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias.

O presente convenio, polo tanto, baséase nos principios de colaboración e cooperación entre administracións, polo que non afecta nin altera o sistema legal de distribución de competencias na materia, recollido na lexislación indicada e, en particular, non afecta as competencias locais nin supón a asunción pola Administración autonómica destas.

Quinto

No marco do indicado no punto anterior, o presente convenio prevé a adhesión voluntaria ao sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias nel previsto daqueles concellos interesados en obter a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma para o exercicio das súas competencias en relación coa xestión da biomasa e retirada de especies arbóreas nas redes de faixas secundarias de xestión de biomasa.

A adhesión cos concellos estará condicionada a que se cumpran os requisitos que se establecen no presente convenio e existan dispoñibilidades económicas suficientes.

Sexto

A Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) é unha asociación sen ánimo de lucro constituída polos entes locais galegos que inclúe entre as súas finalidades a de participar en calquera asunto que garde relación cos intereses comúns dos entes locais que integran o dito territorio.

En particular, de acordo cos seus estatutos, a Fegamp poderá facilitar intercambios de información mutua e asesorar e asistir os seus membros.

A disposición transitoria terceira da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, establece que a Federación Galega de Municipios e Provincias, recoñecida polas entidades locais como a entidade asociativa máis representativa e maioritaria, terá as facultades derivadas da súa representatividade.



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800B Telf. (381) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2019/G010/000014

Sétimo

Seaga é unha sociedade mercantil pública autonómica, a cal actúa en consideración de medio propio e de servizo técnico da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, atendendo a diversas actuacións, entre as que se encontran obras, traballos e prestación de servizos en materias forestais, conservación e protección do medio rural e ambiental, especialmente, destacando a súa intervención na prevención e loita contra os incendios forestais.

Cláusulas:

Primeira. Obxecto

1. Este convenio ten por obxecto instrumentar a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Consellería do Medio Rural, Seaga, e a Fegamp, cos concellos que voluntariamente se adhiran ao presente convenio, mediante o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nos montes ou terreos forestais incluídos nas redes de faixas secundarias de xestión de biomasa.

2. A cooperación, que neste convenio se instrumenta, ten por fin garantir a prevención de incendios forestais, de modo que se acade a diminución do número de incendios forestais nas zonas de interface urbana, garantindo así o interese público da seguridade de persoas e de bens.

Segunda. Sistema público de xestión da biomasa

1. O sistema público de xestión da biomasa que se establece no presente convenio comprende:

a) A colaboración financeira da Administración xeral da Comunidade Autónoma para garantir a xestión da biomasa das parcelas incluídas nas faixas secundarias de xestión da biomasa incluídas nos concellos adheridos ao presente convenio.

b) A prestación por parte da Administración autonómica, de acordo co establecido no presente convenio, do sistema público de xestión da biomasa nos montes ou terreos forestais incluídos nas redes de faixas secundarias de xestión de biomasa mediante a formalización de contratos de xestión da biomasa cos titulares dos montes.

c) A colaboración técnica da Administración xeral da Comunidade Autónoma e os concellos para o exercicio das competencias que corresponden a estes de execución subsidiaria das obrigas de xestión da biomasa e para a retirada de especies arbóreas prohibidas regulada no artigo 22 da Lei 3/2007, por razóns de eficacia e por contar a Administración autonómica con medios técnicos adecuados para o seu desempeño.

Dentro da colaboración económica e da cooperación técnica prevista nos puntos anteriores, tamén se inclúe a prestación por parte da Administración autonómica de asistencia técnica e o apoio aos concellos adheridos para a tramitación por estes dos procedementos de aprobación de plans de prevención, delimitación de faixas e de execución subsidiaria da súa competencia.

2. En todo caso, o presente convenio non afecta nin altera o sistema legal de distribución de competencias na materia, recollido na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia e, en particular, non afecta ás competencias locais ni supón a asunción por parte da Administración autonómica destas.

3. En particular, o presente convenio efectúase ao abeiro do previsto no artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800B Telf. (381) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2019/G010/000014

ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ao desenvolver, en particular, unha cooperación entre as entidades participantes coa finalidade de garantir unha prestación do servizo público que se configura co obxectivo da prevención e a loita contra os incendios forestais e se guía, unicamente, por consideracións relacionadas con interese público.

Terceira. Adhesión voluntaria a este convenio dos concellos

1. Calquera concello galego poderá, mediante a súa adhesión voluntaria ao presente convenio, acceder ao sistema público de xestión que se establece mediante o presente convenio e á colaboración técnica e económica prevista no seu marco, de acordo cos criterios de prioridade que se determinan a continuación por razóns das dispoñibilidades orzamentarias, atendendo a un maior risco de incendios forestais e por tanto de maior perigo para as persoas e os bens que voluntariamente se adhiran.

2. Para decidir a adhesión dos concellos e as actuacións anuais nos concellos adheridos teranse en conta os seguintes criterios de prioridade:

a) Municipios afectados por grandes incendios forestais no ano 2017 e nos 10 anos anteriores.

b) Municipios nos cales se activase a situación operativa 2 do Peifoga nos últimos 10 anos.

c) Municipios con parroquia/s de alta actividade incendiaria.

d) Municipios incluídos en zonas de alto risco de incendio forestal.

e) Municipios costeiros da provincia da Coruña incluídos nas zonas de influencia do vento do nordés.

f) Municipios que conten con Plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais nos cales se definan as faixas secundarias ou municipios que teñan realizadas as actuacións de determinación das faixas que sexan necesarias para permitir a directa aplicación das obrigas das persoas que resulten responsables derivadas do disposto no artigo 21 da Lei 3/2007, de acordo coa súa disposición transitoria terceira.

g) Municipios que teñan subscrito convenio para unha brigada municipal de prevención e extinción de incendios forestais coa Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

As condicións indicadas serán desenvolvidas pola comisión de seguimento do convenio, que aprobará un baremo para decidir sobre a adhesión dos concellos, sen prexuízo do establecido nesta cláusula para o primeiro ano de vixencia do convenio.

3. As solicitudes de adhesión serán dirixidas á Comisión de seguimento do convenio prevista na cláusula décima.

Nas solicitudes expresarase se o concello ten xa delimitadas as faixas secundarias de xestión da biomasa.

4. No exercicio 2018, primeiro ano de vixencia do convenio, decidiranse as adhesións e programaranse as actuacións tendo en conta as solicitudes que se presenten dentro do prazo dun mes desde a publicación do presente convenio de colaboración no Diario Oficial de Galicia.

No primeiro exercicio de vixencia do convenio, mentres a Comisión non aprobe o desenvolvemento dos criterios de prioridade e o baremo a que se refire esta cláusula, será suficiente que a Comisión adopte acordo motivado de valoración tendo en conta os criterios antes sinalados.

Para o exercicio 2019, o prazo de presentación de solicitudes iníciase unha vez



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800B Telf. (381) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2019/G010/000014

rematado o prazo do exercicio 2018 e finalizará o 31 de decembro de 2018. Nos exercicios posteriores de 2020 e 2021 estará aberto o prazo e poderán presentarse as solicitudes de adhesión durante todo o exercicio anterior ao considerado, para os efectos da súa valoración e a decisión sobre a adhesión nos dous primeiros meses do indicado exercicio en que se realizarán as actuacións.

5. A valoración das solicitudes de adhesión e a determinación da preferencia para a adhesión no caso de concorrencia de solicitudes, de acordo cos criterios de prioridade sinalados, efectuará a Comisión de seguimento deste convenio, tendo en conta en todo caso unicamente criterios técnicos derivados das necesidades da prevención e loita contra os incendios forestais. A Comisión de seguimento adoptará o seu acordo expresando para cada concello as parroquias e a superficie consideradas en cada caso e propoñerá á persoa titular da Consellería do Medio Rural o ditado da resolución de aceptación ou de denegación da adhesión.

A consellería ditará resolución motivada sobre a adhesión, de acordo co criterio expresado pola Comisión de seguimento, que se notificará ao concello adherido. As solicitudes non atendidas unha vez aplicados os criterios de prioridade, se o concello así o solicita, poderán quedar en reserva para ser tidas en conta novamente en exercicios posteriores.

6. A solicitude de adhesión dos concellos ao sistema efectuarase de acordo co modelo que se recolle no anexo I e implicará a aceptación de todas as cláusulas do presente convenio sen posibilidade de reserva ou excepción. A formalización da solicitude de adhesión deberá ser autorizada polo órgano competente do concello.

7. A adhesión dos concellos estará en todo caso condicionada pola existencia das dispoñibilidades orzamentarias. A formalización da adhesión farase segundo o anexo IV.

8. Procurarase que a superficie total obxecto de xestión de biomasa prevista para os concellos adheridos sexa similar entre as distintas provincias.

Cuarta. Obrigas xerais dos concellos adheridos

Os concellos que por cumprir os requisitos sinalados na cláusula anterior se adhiran voluntariamente a este convenio, asumen as seguintes obrigas:

a) Aprobar o plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais previsto no artigo 16 da Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

Así mesmo, en canto non se aprobe o plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais e a consecuente definición das faixas secundarias, o concello deberá realizar as actuacións de determinación das faixas que sexan necesarias para permitir a directa aplicación das obrigas das persoas que resulten responsables derivadas do disposto no artigo 21 da Lei 3/2007, de acordo coa súa disposición transitoria terceira.

b) Identificar para os efectos do previsto no presente convenio as persoas titulares das parcelas incluídas nesas faixas de xestión de biomasa, salvo nos casos en que se poida xustificar que, tras a consulta dos rexistros públicos e documentación en poder do concello, resultan descoñecidas.

c) Aprobar anualmente, durante todo o período de vixencia do convenio, un plan de actuacións relativas á xestión da biomasa vexetal e á retirada de especies arbóreas, que planifique, en particular, as actuacións municipais que resulten necesarias para dar cumprimento ao establecido polo artigo 22 da Lei 3/2007, do 9 de abril.

d) Recibir e remitir a Seaga as solicitudes das persoas titulares dos montes incluídos nas faixas secundarias de xestión de biomasa do seu municipio, para a formalización dos



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2019/G010/000014

contratos de xestión de biomasa previstos neste convenio. As solicitudes achegaranse xunto coa documentación prevista no anexo II do convenio e logo de comprobación do cumprimento dos requisitos establecidos nel.

e) Realizar as achegas de financiamento que, de ser o caso, se tivese voluntariamente comprometido a realizar na súa adhesión.

Quinta. Colaboración financeira para a xestión da biomasa forestal dos montes incluídos nos concellos adheridos ao presente convenio

1. Conforme o previsto na cláusula segunda, letra a) deste convenio, a Consellería do Medio Rural comprométese a dar apoio financeiro para garantir a correcta xestión da biomasa forestal dos montes dos concellos adheridos aos cales se fai referencia na cláusula anterior mediante as achegas financeiras previstas no presente convenio.

Para os efectos do establecido no número anterior, a Consellería do Medio Rural achegará 5.696.000 € no exercicio 2018 con cargo á aplicación orzamentaria 13 02 551B 741.14 e un importe de 7.500.000 € anuais nos exercicios 2019, 2020 e 2021 con cargo a aplicación orzamentaria que corresponda.

Poderán facerse achegas das entidades locais mediante a creación dun fondo específico dentro do Fondo de Cooperación Local, achegas que incrementarían a dotación económica total do convenio na anualidade correspondente.

2. En todo caso, aqueles concellos que soliciten a adhesión e non se acorde esta por aplicación dos criterios de prioridade establecidos neste convenio poderán, de maneira voluntaria, adherirse a este convenio mediante a achega do 100 % do financiamento para a realización das actuacións de xestión de biomasa previstas no presente convenio, garantindo a súa execución independentemente da aplicación dos criterios de prioridade. Estas cantidades transferiranse á Administración autonómica nos prazos que se establezan no documento de adhesión que para tal efecto se establecerá.

Para tales efectos, e transcorrido o prazo previsto no documento de adhesión sen que o concello adherido efectuase a súa achega, a Xunta de Galicia aplicará o procedemento previsto nos artigos 57 e 58 da Lei de orzamentos para o ano 2018 relativos ao procedemento de compensación e retención do Fondo de Cooperación Local.

3. As achegas sinaladas no ordinal primeiro destinaráas a Administración xeral da Comunidade Autónoma a garantir a correcta xestión da biomasa forestal das parcelas de titularidade privada situadas nas faixas secundarias de xestión de biomasa, tanto daquelas cuxas persoas titulares formalicen o contrato de xestión de biomasa previsto no presente convenio, como daquelas en que deban realizarse actuacións de execución subsidiaria, sen prexuízo neste último caso da repercusión de custos ás persoas titulares, de acordo co procedemento legalmente establecido e sen prexuízo tamén de que para a execución subsidiaria se utilicen prioritariamente as cantidades afectas ao Fondo de Xestión da Biomasa e Retirada de Especies previsto na Lei 3/2007.

4. Atendendo ás necesidades de prevención e loita contra os incendios forestais, a Administración autonómica poderá reservar a contía de ata 250.000 euros anuais da súa achega ao presente convenio para actuacións de execucións subsidiarias en faixas primarias, e no cumprimento de normativa de distancias ou reacción fronte a plantacións ilegais.

Sexta. Réxime xurídico do sistema público de xestión da biomasa nos montes ou terreos forestais incluídos nas redes de faixas secundarias de xestión de biomasa mediante a formalización de contratos de xestión da biomasa cos



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-15048COB Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2019/G010/000014

titulares dos montes

1. De acordo co establecido na cláusula 2, letra b) deste convenio, a Administración autonómica realizará a prestación do sistema público de xestión da biomasa nas parcelas incluídas nas redes de faixas secundarias de xestión de biomasa dos concellos adheridos a este convenio mediante a formalización de contratos de xestión da biomasa cos titulares dos montes.

2. En particular, de acordo co disposto no artigo 33.1 da Lei 1/2015, de garantía de calidade nos servizos públicos, será aplicable a regulación e garantías establecidas no seu artigo 111, consideraranse servizo público as actividades de prestación previstas na presente cláusula, desenvolvidas pola Administración xeral da Comunidade Autónoma, no exercicio das súas competencias de prevención de incendios e xestión da biomasa, que asume como propias en virtude do presente convenio e conxunturalmente mentres estea este en vigor, sen prexuízo das competencias locais e das obrigas asumidas por estas de acordo co presente convenio, e poñeraas, baixo a súa responsabilidade, á disposición da cidadanía.

3. As actividades materiais de xestión da biomasa previstas na presente cláusula serán xestionadas pola Administración autonómica de forma directa mediante Seaga, como entidade instrumental pertencente ao sector público autonómico, sen prexuízo das obrigas que asumen as entidades locais en virtude do presente convenio.

4. O réxime xurídico da actividade prestacional prevista na presente cláusula desenvólvese no anexo II do convenio, no cal se precisan os seguintes aspectos:

a) O órgano administrativo competente para a prestación do servizo.

b) Alcance das prestacións en favor dos administrados e administradas. Os beneficiarios do servizo serán as persoas físicas ou xurídicas responsables legalmente de acordo coa Lei 3/2007 da xestión da biomasa vexetal nas faixas secundarias dos concellos adheridos ao presente convenio.

c) Modalidade de prestación do servizo mediante xestión directa a través de Seaga.

d) Definición da situación estatutaria das persoas usuarias do servizo a través da previsión dos seus dereitos e obrigas.

e) Estándares mínimos de calidade do servizo.

f) Os demais aspectos básicos de carácter xurídico, económico e administrativo que definen a actividade prestacional.

En particular, a formalización dos contratos con Seaga determinará a asunción por esta das obrigas das persoas responsables da xestión da biomasa de acordo coa Lei 3/2007, sempre que as indicadas persoas responsables cumpran o previsto no réxime xurídico da actividade prestacional e no contrato.

5. A Administración autonómica disporá, en todo caso, das potestades precisas para asegurar o bo funcionamento do servizo e garantir e regular a súa prestación, sen prexuízo do exercicio destas potestades, de ser o caso, conforme os acordos adoptados na Comisión de seguimento do presente convenio.

6. As relacións dos destinatarios da actividade prestacional prevista nesta cláusula con Seaga, formalizada a través do contrato de xestión da biomasa previsto no anexo III, terán natureza xurídico-privada.

A duración destes contratos será coincidente coa duración do presente convenio de colaboración.

Será obriga de Seaga, como prestador do servizo, formalizar o contrato con todas as persoas responsables da xestión da biomasa vexetal que cumpran os requisitos previstos no anexo II deste convenio, sen prexuízo da aplicación das previsións deste título e da



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2019/G010/000014

tutela e garantía da posición da persoa destinataria da prestación pola Administración competente.

O modelo de contratos de xestión da biomasa recóllese no anexo III do convenio.

7. Para os efectos da sustentabilidade financeira do sistema público de xestión regulado na presente cláusula, establécese unha tarifa que deberán aboar as persoas responsables do cumprimento das obrigas da xestión da biomasa que formalicen o contrato regulado no réxime xurídico do servizo, consistente na cantidade de 350 euros por hectárea e ano.

Esta cantidade uniforme para todas as persoas responsables fíxase como inferior aos custos económicos totais das actividades prestadas, de acordo co réxime económico xurídico do servizo que se recolle no anexo II deste convenio, tendo en conta o interese público presente na prevención dos incendios forestais.

Deste modo, o custo total do servizo no que exceda a tarifa indicada será cuberto polas achegas da Administración xeral da comunidade autónoma e, de ser o caso, dos concellos, previstas na cláusula quinta do presente convenio.

As tarifas serán percibida por Seaga, como prestadora da actividade.

O réxime xurídico da actividade prestacional previsto no anexo II prevé que, nos casos de falta de pagamento da tarifa establecida no contrato como contraprestación a cargo das persoas responsables das obrigas de xestión da biomasa, as cantidades debidas terán a consideración de créditos de dereito público, de acordo co previsto no artigo 39 da Lei 1/2015, cuxa recadación na vía executiva corresponderá aos órganos competentes da Administración, atendida a situación estatutaria das persoas destinatarias das prestacións e a responsabilidade final da Administración sobre a actividade.

8. Seaga poderá prestar a actividade de xestión da biomasa mediante os seus propios medios técnicos, persoais ou materiais, ou proceder á contratación total ou parcial das obras e actividades materiais precisas para o cumprimento dos contratos de xestión da biomasa que formalice, de acordo co previsto na lexislación de contratos do sector público, sen prexuízo da súa responsabilidade na organización e xestión dos traballos e da súa calidade técnica, tendo sempre a consideración de poder adxudicador nos contratos que deba subscribir para realizar as prestacións obxecto do encargo.

Na súa contratación das obras e prestacións forestais derivadas do presente convenio, Seaga deberá promover, de conformidade coa normativa de contratación pública, a participación da pequena e mediana empresa mediante a división en lotes e demais instrumentos previstos na lexislación de contratos.

Os concellos poderán participar no procedemento de contratación cando se trate de contratos menores para os efectos de poder ter en conta na contratación as peculiaridades forestais de cada concello.

Seaga será compensada pola Administración autonómica dos custos derivados da súa actuación, de acordo co indicado nesta cláusula, na cantidade non cuberta pola tarifa fixada para os particulares, con cargo ás cantidades previstas na cláusula quinta deste convenio. Para tal efecto a Consellería do Medio Rural transferirá o importe correspondente logo de xustificación de Seaga dos custos soportados pola súa actuación.

Sétima. Réxime xurídico do sistema público de xestión da biomasa nos montes ou terreos forestais incluídos nas redes de faixas secundarias de xestión de biomasa mediante a cooperación técnica para a execución subsidiaria das obrigas de xestión de biomasa forestal

1. Conforme o previsto na cláusula segunda, letra c), deste convenio, xunto á



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-15048COB Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2019/G010/000014

colaboración financeira para a xestión da biomasa forestal, mediante o presente convenio instruméntase, dados os obxectivos que legalmente teñen en común para a prevención dos incendios e xestión da biomasa de acordo coa Lei 3/2007, a colaboración técnica da Administración xeral da comunidade autónoma e os concellos para o exercicio das competencias que corresponden aos concellos de execución subsidiaria das obrigas de xestión da biomasa e de retirada de especies arbóreas prohibidas regulada no artigo 22 da lei citada, por razóns de eficacia e por contar a Administración autonómica con medios técnicos adecuados para o seu desempeño.

2. Para estes efectos, están incluídas no presente convenio para os concellos adheridos as seguintes actuacións:

a) Realización das seguintes actuacións documentais que sirvan de base aos actos xurídicos que integran os procedementos de aprobación dos plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais, definición e determinación das faixas secundarias e de declaración polos concellos adheridos da obriga de execución subsidiaria:

- Elaboración técnica da documentación necesaria para a aprobación do plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais e en particular, para o labor necesario para determinar e definir as faixas secundarias de xestión de biomasa da súa competencia.

- Preparar tecnicamente as comunicacións que conforme o artigo 22 da Lei de prevención de incendios deben ser enviadas ás persoas responsables polos concellos lembrando a obriga de xestión de biomasa e retirada de especies arbóreas, advertindo da execución subsidiaria con repercusión de custos no caso de que non se cumpran as ditas obrigas e, de ser o caso, comiso das árbores.

- Elaboración técnica do anuncio para ser publicado no DOG e BOE con indicación dos datos catastrais da parcela cando non se puidese determinar a identidade das persoas responsables ou resulte infrutuosa a dita comunicación.

- Elaboración técnica dos documentos base dos actos administrativos para iniciar o procedemento de execución subsidiaria das obrigas de xestión da biomasa e retirada de especies arbóreas.

- Elaboración técnica dos documentos base para dar traslado da resolución de execución subsidiaria ao órgano competente para incoar o procedemento sancionador para que se incoe o dito procedemento e se adopte a medida cautelar de comiso das especies arbóreas prohibidas.

- Preparar os documentos necesarios para proceder á venda das ditas especies arbóreas comisadas.

- Elaborar os documentos que permitan delimitar as zonas de actuación prioritaria e urxente nas cales o incumprimento das obrigas de xestión de biomasa e retirada de especies arbóreas prohibidas habilite a Administración pública competente para proceder de modo inmediato á execución subsidiaria de tales obrigas, pola presenza de factores obxectivos de risco.

A realización das actuacións sinaladas efectuaráa a Administración autonómica sen contraprestación ou compensación de custos por parte dos concellos, no marco dos principios de colaboración e cooperación entre administracións, tendo en conta a finalidade das partes de lograr os obxectivos que teñen en común e as consideracións de interese público que guían a actuación, sen prexuízo do disposto no número 4 desta cláusula.

b) Realización material das actuacións de xestión de biomasa, derivadas da resolución



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2019/G010/000014

de execución subsidiaria dos traballos de xestión de biomasa adoptada polos concellos adheridos. Esta actuación de execución subsidiaria comprenderá a redacción do proxecto para a execución subsidiaria se fose necesario polas características da actuación ou doutro documento técnico que deba servir de base ás actuacións, así como a elaboración do documento/liquidación de custos da execución subsidiaria, que comprenderá todos os gastos ocasionados como consecuencia dela.

3. A actuación da Administración autonómica prevista na presente cláusula non supón cesión da titularidade das competencias das entidades locais adheridas nin dos elementos substantivos do seu exercicio, e será responsabilidade do concello encomendante ditar cantos actos ou resolucións de carácter xurídico dean soporte nos que se integre a concreta actividade material obxecto desta cláusula.

4. Para os efectos das actuacións materiais de execución subsidiaria e de acordo co previsto no artigo 22.4 da Lei 3/2007, en virtude do presente instrumento de colaboración considerarase como Administración actuante a Administración xeral da comunidade autónoma, polo que as cantidades que, de ser o caso, se perciban da venda das especies arbóreas incluídas na execución subsidiaria se destinarán ao Fondo de Xestión da Biomasa e Retirada de Especies previsto no artigo 22 bis da Lei 3/2007. O destino deste fondo será o de sufragar os custos das execucións subsidiarias que teña que realizar a Administración forestal autonómica.

Así mesmo, Seaga, como Administración actuante nestes casos de execución subsidiaria, percibirá o importe dos custos de xestión repercutidos á persoa responsable, que comprenderá todos os gastos ou custos en que se incorra como consecuencia desta. En particular, de acordo co establecido no artigo 22.4 da Lei 3/2007, para a liquidación dos custos correspondentes a cada parcela a Administración terá en conta a cantidade resultante de aplicar a parte proporcional á cabida da parcela do importe do correspondente contrato, encomenda ou custo dos traballos realizados na zona de actuación.

5. As obrigas que a Administración autonómica asume de acordo coa presente cláusula serán xestionadas por Seaga, de acordo cos seus estatutos, e esta executaraas, xa sexa de forma directa polos seus propios medios persoais, técnicos e materiais ou mediante a súa contratación total ou parcial de acordo co disposto na lexislación de contratos do sector público, sen prexuízo da súa responsabilidade na organización e xestión dos traballos e da súa calidade técnica, tendo sempre a consideración de poder adxudicador nos contratos que deba subscribir para realizar as prestacións obxecto do encargo. Todo isto sen prexuízo de que en calquera momento poida a Administración autonómica decidir exercelas directamente mediante os seus propios servizos ou medios técnicos, personificados ou non, ou contratadas, segundo o establecido na indicada lexislación de contratos do sector público.

Na súa contratación das obras e prestacións forestais derivadas do presente convenio, Seaga deberá garantir, en particular, a participación da pequena e a mediana empresa, mediante a división en lotes e demais instrumentos previstos na lexislación de contratos, de acordo coa normativa aplicable en materia de contratación pública.

6. Seaga será compensada pola Administración autonómica dos custos derivados da súa actuación, de acordo co indicado nesta cláusula, con cargo ao importes establecidos na cláusula quinta deste convenio. Para estes efectos, a Consellería do Medio Rural transferiralle o custo das actuacións en que incorra para realizar as actuacións documentais que sirvan de base aos actos xurídicos que integran os procedementos de aprobación dos plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais,



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-15048COB Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2019/G010/000014

definición e determinación das faixas secundarias e de declaración polos concellos adheridos da abriga de execución subsidiaria.

7. Cando a identidade da persoa responsable non sexa coñecida no momento de proceder á execución subsidiaria e, polo tanto, non sexa posible a exixencia e recadación dos custos dos traballos, a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, como Administración actuante, asumirá aqueles con cargo aos seus orzamentos, para o efecto de ser considerada beneficiaria da expropiación forzosa por incumprimento da función social da propiedade regulada no artigo 22.9 da Lei 3/2007, do 9 de abril.

Oitava. Obrigas específicas dos concellos adheridos a este convenio na execución subsidiaria da obriga de xestión de biomasa

Serán obrigas dos concellos adheridos ao sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias establecido no presente convenio, ademais das que derivan do resto das cláusulas do convenio, en particular, as seguintes:

a) Acordar o inicio do procedemento de execución subsidiaria de execución de biomasa nos supostos previstos pola lei.

b) Ditar a declaración que poña fin ao procedemento.

c) Acordar a execución subsidiaria das actuacións de xestión de biomasa.

d) Enviar toda a información que se lle solicite por ser necesaria para a realización das actuacións previstas na cláusula anterior.

e) Dar a súa conformidade aos proxectos técnicos que se redacten de acordo coa cláusula anterior, sempre que se axusten aos requisitos legais e técnicos aplicables.

f) Informar das actuacións de execución que puidese realizar a persoa obrigada despois da orde de execución subsidiaria.

Novena. Programación das actuacións en cada concello ou parroquia

1. A priorización e a programación das actuacións en cada concello ou parroquia efectuaráase a Comisión de seguimento do convenio.

2. Actuarase prioritariamente nos supostos de concellos e parroquias en que as faixas secundarias estivesen delimitadas. Para estes casos, Seaga efectuará unha proposta de actuacións concretas por concello e parroquia, incluíndo un plan de traballos e partidas e o cálculo orzamentario do custo de execución.

No caso de que as faixas secundarias non estivesen determinadas nun concello ou parroquia, as primeiras actuacións irán dirixidas á súa delimitación, de tal modo que, en canto non se aprobe o plan municipal de prevención e defensa contra os incendios forestais e a consecuente definición das faixas secundarias, exista unha determinación das faixas que permita a directa aplicación das obrigas das persoas que resulten responsables derivadas do disposto no artigo 21 da Lei 3/2007, de acordo coa súa disposición transitoria terceira.

3. A proposta indicada no número anterior será aprobada pola comisión de seguimento do convenio e daráselle traslado ao concello, para os efectos de que este proceda á publicación do proxecto de actuacións e parcelas nas cales se prevén.

O anuncio indicará a posibilidade de adhesión voluntaria dos propietarios ao sistema mediante a formalización dos contratos de xestión da biomasa. Así mesmo, recordarase o necesario cumprimento das obrigas legais dos responsables da xestión da biomasa de acordo coa Lei 3/2003 e advertirase da posibilidade de execución subsidiaria no caso de incumprimento das indicadas obrigas.

4. As adhesións voluntarias das persoas interesadas mediante a formalización do



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2019/G010/000014

modelo de contrato de xestión da biomasa serán tramitadas polos concellos. Para estes efectos os concellos recibirán os modelos de contratos formalizados e, despois da análise da documentación presentada e da comprobación do seu axuste ao réxime xurídico do servizo, remitiraos a Seaga.

Seaga, despois de comprobar o cumprimento dos requisitos legais, comunicará ao particular a súa aceptación, momento en que asumirá as obrigas de xestión da biomasa. Os prazos de ingreso da tarifa do servizo establecidos no anexo II deste convenio computaranse desde a comunicación da aceptación de Seaga.

5. Competerá ao concello o inicio dos procedementos de execución subsidiaria de acordo coa Lei 3/2007 respecto das persoas responsables legais da xestión da biomasa que non procedan voluntariamente á indicada xestión e non estean adheridas ao sistema público. Para estes efectos, Seaga poderá realizar aos concellos as propostas correspondentes tendo en conta a evolución e as necesidades dos traballos.

6. Á vista dos informes que vaia realizando Seaga sobre o progreso dos traballos, a comisión de seguimento poderá reprogramar as actuacións no concello ou parroquia.

7. Os protocolos de organización e funcionamento derivados da presente cláusula poderán ser desenvolvidos e precisados pola comisión de seguimento do convenio para velar pola máxima eficacia e coordinación das actuacións.

8. Os concellos poderán realizar achegas financeiras extraordinarias para financiar de forma completa actuacións íntegras no seu territorio, por concello ou parroquias. Neste caso, aceptado o ofrecemento pola Comisión de seguimento do convenio, priorizaranse e programarase a realización destas actuacións de xestión de biomasa.

Décima. Comisión de seguimento

1. Para o seguimento do presente convenio constituirase unha Comisión de seguimento composta por dúas persoas designadas por cada parte. Os representantes da Fegamp actuarán como canle para que os concellos poidan formular calquera cuestión á comisión de seguimento.

2. A Comisión de seguimento, de acordo co establecido no artigo 49.1.f) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, é o instrumento para o seguimento, a vixilancia e o control do convenio e dos compromisos adquiridos polas persoas asinantes, e exercerá as súas funcións de acordo co establecido nos artigos 51.c) e 52.3 daquela.

3. En particular, correspóndenlle á Comisión de seguimento as seguintes funcións:

a) Recibir as solicitudes de adhesión ao sistema.

b) Valorar as solicitudes de adhesión e a determinación da preferencia para a adhesión no caso de concorrencia de solicitudes, de acordo cos criterios de prioridade sinalados neste convenio, tendo en conta, en todo caso, unicamente criterios técnicos derivados das necesidades da prevención e loita contra os incendios forestais.

A Comisión de seguimento adoptará o seu acordo expresando por cada concello as parroquias e superficie consideradas en cada caso e propondrá á persoa titular da Consellería do Medio Rural o ditado da resolución de aceptación ou denegación da adhesión.

c) Programar a realización das actuacións previstas neste convenio, expresando, no ámbito de cada provincia, a priorización da relación de concellos e de parroquias de actuación, indicando as superficies máximas de actuación para cada parroquia cada e a modalidade de actuación, voluntaria ou de execución subsidiaria.

d) Aprobar as actuacións no ámbito de cada concello e parroquia, priorizando as que



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-15048COB Telf. (381) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2019/G010/000014

xa teñen as faixas delimitadas.

e) Reprogramar e reaxustar, se é o caso, as actuacións previstas cada dous meses, tendo en conta os avances nos plans de traballo aprobados presentados por Seaga.

f) Despois de analizar os resultados deste convenio, as partes comprométense a analizar a repartición actual de competencias para poder acadar unha maior eficacia no eido preventivo e de seguridade da poboación, promovendo as modificacións legais que se consideren necesarias.

4. As partes do presente convenio e os concellos adheridos comprométense a intentar a resolución por mutuo acordo, no seo da comisión de seguimento, de cantas diferenzas resulten da interpretación e cumprimento deste convenio, sen prexuízo da competencia da orde xurisdiccional contencioso-administrativa para o coñecemento de todas as cuestións e litixios que puidesen xurdir.

5. Dar conta dos acordos tomados e da evolución dos traballos realizados en cada concello.

Undécima. Vixencia

Este convenio ten vixencia desde a data da súa sinatura ata o día 31 de decembro de 2021, salvo denuncia de calquera das partes antes da súa finalización.

Duodécima. Causas de resolución

De conformidade co establecido no artigo 51.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, son causas de resolución deste convenio:

a) A renuncia de calquera das partes, formulada por escrito cun mes de antelación á data en que desexe a súa finalización.

b) O incumprimento das cláusulas do convenio.

c) O mutuo acordo das partes.

Décimo terceira. Modificacións

As modificacións deste convenio formalizaranse mediante addenda, cos mesmos requisitos e coas mesmas condicións que se exigen para a súa aprobación.

Décimo cuarta. Publicidade

1. En cumprimento do disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza remitirá os datos necesarios para a publicidade do convenio e informará na páxina web oficial da devandita subscripción cos seguintes datos básicos:

a) Identificación das partes que interveñen.

b) Importe do financiamento.

c) Data da sinatura.

d) Finalidade.

e) Período de vixencia.

2. A sinatura do convenio implica a autorización expresa para o tratamento necesario dos datos e publicidade referida no número anterior. As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así coma o resto das especificacións que contén poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-15048C0B Telf. (381) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2019/G010/000014

3. Tamén se publicará este convenio no Diario Oficial de Galicia, tal como fai referencia a cláusula terceira punto 4.

Décimo quinta. Natureza e réxime xurídico

1. Este convenio ten natureza administrativa e rexerese polo establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, quedando excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, en virtude do establecido no seu artigo 6.1.

2. Este convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose as partes ao acordado en todas as estipulacións, e como proba de conformidade asínase, en tantos exemplares como partes, no lugar e data arriba indicados.

Ángeles Vázquez Mejuto Conselleira do Medio Rural	Alfredo L. García Rodríguez Presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias
Pablo Arbones Manciñeira Director xerente da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A.	

“

Resultando de interese para este concello á adhesión a dito convenio, por todo o anteriormente exposto e de acordo co establecido na cláusula terceira do citado convenio, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Solicitar a adhesión ao Convenio de colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia, a Fegamp e Seaga en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais, para o establecemento dun sistema público de xestión de biomasa nas faixas secundarias.

Mesía, 1 de outubro de 2019Asdo. O alcalde, Mariano Iglesias Castro

Manifesta o Sr. Alcalde que, coa sinatura deste convenio, a Xunta comprométese a axudar aos concellos, por unha banda, na elaboración dun plan contra incendios, e, por outra, con axuda técnica e informática para unha mellor xestión administrativa da limpeza de fincas, facilitando ás persoas responsables o cumprimento das súas obrigas da xestión da biomasa, neste caso a través de Seaga, e por un prezo razoable de 350,00€ por hectárea.

Non habendo máis intervencións, o alcalde somete a proposta a votación, co seguinte resultado: unanimidade dos concelleiros presentes.

3. APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN MARCO PARA A XESTIÓN COMPARTIDA DO SERVIZO DE RECUPERACIÓN E CONSERVACIÓN DO AMBIENTE NOS CONCELLOS DE FRADES E MESÍA.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2019/G010/000014

O Sr. Alcalde da conta da proposta, da que o seu teor literal di:

“APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN MARCO PARA A XESTIÓN COMPARTIDA DO SERVIZO DE RECUPERACIÓN E CONSERVACIÓN DO AMBIENTE NOS CONCELLOS DE FRADES E MESÍA

Visto o convenio de colaboración marco para a xestión compartida do servizo de recuperación e conservación do ambiente nos concellos de Frades e Mesía, asinado o 05.09.2019, ao abeiro da Orde do 17 de decembro de 2019 pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña de concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2019, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia (DOG núm. 248, 31.12.2018), que literalmente di:

“No Concello de Frades , a 5 de setembro de 2019

REUNIDOS:

Os Sres. Alcaldes dous seguintes concellos:

CONCELLO DE FRADES: Don Roberto Rey Martínez

CONCELLO DE MESÍA: Don Mariano Iglesias Castro

Todos en nome e representación do seu referido Concello, en virtude do artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril reguladora das bases de réxime local (LRBRL) e o artigo 61 dá Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da administración Local de Galicia (LALGA).

Os reunidos actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que ostentan, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos do presente convenio de colaboración e para o efecto:

EXPOÑEN:

Primeiro.- *A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) no seu artigo 25 establece que o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. O Municipio exercerá en todo caso, competencias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas.*

O artigo 11 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, reguladora do Rexime Xurídico do Sector Público (LRJSP), regula que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poderá promover toda clase de actividades e prestar todos os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños. O municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma.

Segundo.- *O artigo 11 da Lei 40/2015, establece a posibilidade da realización de actividades de carácter material, técnico ou de servizos da competencia dun Concello por encomenda a outros*



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-15048C0B Telf. (381) 63 70 01 – Fax 63 70 69

exp. 2019/G010/000014

concellos cando existan razóns de eficacia o cando non se posúan os medios técnicos idóneos para o seu desempeño.

Terceiro.- O artigo 11.3 da Lei 40/2015, regula a necesidade de formalizar a encomenda de xestión entre os distintos Concellos mediante a sinatura do correspondente convenio.

Cuarto.- O artigo 26 LBRL dispón que os municipios por sí ou asociados deberán prestar, en todo caso, unha serie de servizos entre os que se inclúe o de limpeza viaria (Anexo I onde se recollen os servizos que se asocian), e o artigo 81 LALGA pronúnciase en termos semellantes.

Quinto.- A Constitución recolle no artigo 103 que a Administración debe actuar de acordo, entre outros, cos principios de eficacia e coordinación. Nesa liña, o actual escenario de crise económica que afecta tamén aos concellos obriga a impulsar medidas relativas á xestión eficaz e eficiente dos recursos dispoñibles, co obxecto de poder continuar prestando ou prestar os servizos aos cidadáns en condicións de calidade que satisfagan ás súas necesidades, sendo preciso minimizar custos e XESTIONAR DE FORMA COMPARTIDA nas actuacións públicas. A prestación dos servizos públicos, o seu fomento e a promoción das actividades esixe un elevado custo, tanto de instalación, adquisición coma de funcionamento e xestión que fai necesaria a colaboración entre distintas administracións locais, coa finalidade de poder prestar aos veciños unha actividade e un servizo que na actualidade se considera imprescindible como medio de mellora nas relacións cos mesmos.

Sexto.- Por outra banda é necesario que ás administracións públicas promovan actuacións tendentes a garantir a igualdade e a calidade de vida dos veciños, sendo preciso neste momento de acentuada crise económica realizar un exercicio de políticas públicas responsables coa actual situación, implementando fórmulas eficaces e eficientes de xestión pública e boas prácticas, minimizando custos que possibiliten o mantemento da prestación dos servizos que ata o de agora se viñan prestando de forma independente.

Sétimo.- Neste senso, é preciso optimizar os recursos económicos das administracións locais mediante fórmulas innovadoras que permitan a xestión compartida na prestación dos servizos públicos que neste caso se concreta no presente convenio de prestación do servizo de forma e maneira que o impacto da crise económica nos servizos públicos sexa menor e os resultados da posta en común dos recursos minimicen a crítica situación económica dalgúns concellos.

Oitavo.- Tanto a LRBRL, como a LALGA e a Lei 40/2015, recollen ao longo do seu articulado o **principio xeral de colaboración interadministrativa.**

Noveno.- Por todo o anterior, na actual situación de crise económica, a xestión compartida de servizos configúranse como única solución para prestar ou continuar prestando determinados servizos públicos, polo que os concellos asinantes ACORDAN a XESTIÓN COMPARTIDA do seguinte SERVIZO DE RECUPERACIÓN E CONSERVACIÓN DO AMBIENTE, mediante o presente convenio segundo as seguintes:

CLÁUSULAS:

Primeira.- Obxecto.-

O obxecto do presente convenio é fixar ás principais liñas de colaboración así como a coordinación, dirección, xestión, financiamento, organización e funcionamento do servizo de RECUPERACIÓN E CONSERVACIÓN DE AMBIENTE a prestar de forma compartida entre os concellos de Frades e Mesía.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2019/G010/000014

Segunda.- Ámbito Territorial.-

O ámbito territorial da xestión compartida do servizo será o correspondente aos termos municipais dos Concellos de Frades e Mesía.

Terceira.- Obxectivos da colaboración.-

O presente convenio baséase no principio xeral de colaboración interadministrativa, para a efectividade da coordinación e eficacia administrativa, que se concreta en:

- Posibilitar na actual situación de crise económica a prestación dun servizo público.
- Prestar de forma eficaz e eficiente o servizo público.
- Minorar os custos antieconómicos da prestación illada.
- Garantir o acceso dos veciños a uns servizos públicos de calidade mediante unha oferta de recursos suficiente e equilibrada
- Dar resposta ás necesidades da poboación mediante unha axeitada planificación previa
- Valorizar os recursos dispoñibles

Cuarta.- Xestión compartida do servizo.-

A xestión do servizo será realizada polo Concello de Frades e polo Concello de Mesía de forma recíproca e incluírá todo o relacionado coa xestión do servizo, aspectos materiais, técnicos ou de servizo (sexa tramitación administrativa, instalación, reparación e mantemento de infraestruturas, xestión de persoal, xestión de axudas, etc).

Esta encomenda non supón cesión da titularidade da competencia nin dos elementos substantivos do seu exercicio, sendo responsabilidade do Concello encomendante ditar cantos actos ou resolucións de carácter xurídico dean soporte ou nos que se integre a concreta actividade material obxecto da encomenda.

Debe determinarse un catálogo de condicións en que se debe levar a cabo a xestión.

Este convenio comprende tamén a posibilidade de contratación por un dous Concellos, na forma que se sinala, de todas as actividades ou prestacións necesarias para o funcionamento e xestión do servizo compartido, actuando como órgano de contratación de acordo co artigo 109.5. do Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido la Lei de contratos do sector público, que regula a financiamento dos contratos con achegas de distinta procedencia de tal xeito que tramitarse un só expediente de contratación polo concello ao que corresponda a adjudicación do contrato, debendo acreditarse naquel a plena dispoñibilidade de todas as achegas e determinarse á orde de seu pagamento.

Quinta.- A Comisión Mixta. Coordinación. -

Para facilitar o seguemento, cumprimento e a coordinación do convenio, constituírse unha Comisión Mixta, sen prexuízo das competencias atribuídas aos respectivos Alcaldes, integrada por un representante de cada concello, á que poderán asistir técnicos dos mesmos.

A Comisión Mixta rexerese polo establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común

A Comisión mixta ditará ás súas propias normas de funcionamento, debéndose reunir coa regularidade que acorden as partes.



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-15048C0B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2019/G010/000014

As súas principais funcións serán:

- O seguemento da xestión do servizo.
- Elaborar o orzamento do servizo compartido e sometelo a aprobación dos concellos asociados xunto coa distribución de cargas que xenere o servizo.
- A fixación do catálogo de condicións de prestación do servizo, co establecemento das directrices básicas da prestación conxunta e do Programa fixando liñas básicas de actuación.
- A elaboración das súas normas internas de xestión.
- A interpretación do convenio.
- A proposta, no seu caso, de addendas.
- Intervención previa á resolución por incumprimento.
- Resolver cantas dúbidas se lle presenten polos membros integrantes.
- Calquera outras relacionadas coa xestión do servizo.

Sexta. - Elaboración do catálogo de condicións de prestación do servizo e modificación de ordenanzas.

Os plenos dos Concellos que pretenden colaborar deberán no prazo máximo de catro meses, proceder á aprobar o correspondente catálogo de condicións de prestación do servizo que lle propoña a Comisión Mixta.

Nese mesmo prazo, deberán proceder a modificar, no seu caso, as Ordenanzas e regulamentos que afecten directamente ao funcionamento do servizo co fin de homoxeneizalas, segundo a proposta da Comisión.

Sétima. Medios persoais e materiais.-

Os dous Concellos sinalan en Anexo II os medios persoais e materiais que adicará á realización das actividades materias, técnicas ou de servizos que constitúen o obxecto da xestión compartida.

Oitava.- Subvencións e axudas.-

Para a xestión do servizo poderán solicitarse as axudas que se convoquen polas diferentes Administracións Públicas para o mesmo ámbito de actuación.

As solicitudes e xestión de subvencións e axudas para o servizo será proposta pola Comisión Mixta e solicitada polo Concello encomendado ou ben na forma que se determine nos termos da convocatoria correspondente.

Nestes casos o caso farase constar expresamente na solicitude os compromisos de execución asumidos por cada concello asinante do presente convenio, de acordo coas condicións da xestión establecidas ou as que especificamente se acorden, así como o importe de subvención a aplicar por cada un deles. En calquera caso, deberá nomearse un representante o apoderado único dos concellos convenientes, con poderes suficientes para cumprir as obrigas que, como beneficiario, corresponden aos concellos asinantes.

Novena.- Financiamento.-

Os concellos comprométense a garantir un financiamento suficiente e estable para unha eficaz e eficiente prestación do servizo asociado. Para este efecto habilitarán ás aplicacións orzamentarias necesarias que serán certificadas polo secretario do concello en consonancia co orzamento elaborado pola Comisión Mixta.

O reparto será dun cincuenta por cento para cada Concello.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-15048COB Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2019/G010/000014

Cada concello será responsable da exacción das taxas que se xeren pola prestación do servizo non seu termo municipal.

Os concellos deberán transferir nun prazo non superior a dous meses dende o comezo do exercicio orzamentario a cantidade que lle corresponda ao concello que realiza a xestión ordinaria que deberá elaborar unha conta xustificativa composta cando menos de memoria xustificativa e económica, copia das facturas e demais gastos, informe de intervención do cumprimento dá finalidade e certificado do secretario dá relación de gastos e declaración de axudas, procedéndose ao reintegro en caso contrario.

Décimo.- Causas de resolución.-

Ou presente convenio resolverase:

- a) Denuncia unilateral con preaviso de tres meses ou mutuo acordo*
- b) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que ou regulan.*
- c) Polo vencemento do prazo de vixencia*

No caso de resolución do convenio cada concello recuperará os medios persoais e materiais adscritos ao desenvolvemento deste.

Décimo Primeira.- Vixencia do Convenio

O presente convenio entrará en vigor ou día da súa sinatura e estendera a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2019

Décimo Segunda - Natureza do Convenio

O presente convenio ten natureza administrativa e ás discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas pola comisión de seguimento quedando ás partes suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

Décimo Terceira.- Normativa aplicable

En todo o non previsto expresamente polo presente convenio estarase ao disposto na lexislación aplicable segundo a materia obxecto do convenio.-

Décimo Cuarta.- Xurisdición competente

Os conflitos que se susciten en desenvolvemento do presente convenio serán coñecidos, en primeira instancia, pola Comisión Mixta, en caso de non chegar a un acordo, ás partes someterán ás cuestións litixiosas ao coñecemento dous tribunais do orde xurisdicional contencioso-administrativo.

En proba de conformidade co expresado neste convenio, asínase polas partes comparecentes, por triplicado exemplar e para un só efecto, non lugar e data que se sinalan non encabezamento.

ANEXO I

- Mantemento de vías públicas*
- Actuacións de recuperación e protección do medio ambiente en espazos naturais, áreas recreativas e rutas de senderismo.*

ANEXO II

- Medios persoais:
Mesía: 1 peón xardinería, un peón conductor e un peón
Frades: 1 tractorista e un xardineiro*



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2019/G010/000014

□ *Medios materiais:*

MEDIOS MATERIAS FRADES
TRACTOR
MINI - TRACTOR
CORTACESPEDE
TRITURADORA
DESBROZADORA
CISTERNA
BARREDORA

“

Por todo o anteriormente exposto e de acordo co establecido na cláusula décimo segunda do citado convenio, propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- *Aprobar o convenio de colaboración marco para a xestión compartida do servizo de recuperación e conservación nos concellos de Mesía e Frades.*

Mesía, 1 de outubro de 2019Asdo. O alcalde, Mariano Iglesias Castro”

Manifesta o Sr. Alcalde que trátase dunha solicitude de subvención de maneira conxunta co concello de Frades, que é o promotor. Xa a solicitamos outras veces e algúns anos a conceden. Pedíronse 120.000,00€, 60.000,00€ para funcionamento e 60.000,00€ para inversión, pero concederon 69.000,00€, 30.000,00€ para funcionamento e 39.000,00€ para inversión.

A Sra. Louro pregunta si hai unha cuadrilla para os dous concellos, respostando o Sr. Alcalde que en canto aos gastos de funcionamento, nós os xustificamos con persoal propio, non contratamos a ninguén, pero non sei o que fai o concello de Frades. En canto aos investimentos sí que faise unha licitación polo concello de Frades cunha adxudicación conxunta de maquinaria igual para os dous concellos. Neste caso, un tractor e unha desbrozadora para cada concello, e cada un fai o seu.

Non habendo máis intervencións, o alcalde somete a proposta a votación, co seguinte resultado: unanimidade dos concelleiros presentes.

4. MOCIÓN.

Pregunta o Sr. Alcalde se algún grupo quere, pola vía de urxencia, presentar algunha moción.



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-15048C0B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2019/G010/000014

Non habendo intervencións, pásase ao punto seguinte da orde do día.

5. DAR CONTA DOS DECRETOS DE ALCALDÍA (269/2019 A 342/2019).

Manifesta o Sr. Alcalde que, dado que os concelleiros xa teñen un listado cun extracto dos correspondentes decretos e resolucións, podendo consultar o seu contido íntegro na casa do concello, dálles a palabra ós portavoces dos distintos grupos políticos municipais para que soliciten as aclaración que estimen convenientes.

Nº DECRETO	NEGOCIADO	ASUNTO	FECHA
269	Organización e funcionamento	Convocatoria pleno ordinario 12/2019 do 02/08/2019	30/07/2019
270	Economía e facenda	Execución do gasto 30/07/2019. Nóminas mes xullo 2019	30/07/2019
271	Organización e funcionamento	Delegación de firma da Alcaldía na Concelleira de educación, cultura, igualdade e xuventude	30/07/2019
272	Obras e Urbanismo	Aceptación de cesión	30/07/2019
273	Intervención e facenda municipal	Aprobación padrón auga 2º ttre. 2019	31/07/2019
274	Servizos sociais	Baixa usuario axuda de alimentos	31/07/2019
275	Organización e funcionamento	Convocatoria XGL 16/2019 do 02/08/2019	31/07/2019
276	Economía e facenda	Execución do gasto do 31/07/2019	31/07/2019
277	Obras e Urbanismo	Aprob. Cert. 1-final obra "Camiño da Puebla a Faxilde e outros". Pos + 2018	02/08/2019
278	Educación, cultura e deportes	Solicitud subvención voluntariado xuvenil 2019	02/08/2019
279	Economía e facenda	Execución do gasto do 06-08-2019	06/08/2019
280	Economía e facenda	Execución do gasto do 06-08-2019	06/08/2019
281	Facenda municipal	Cambio de titular no Padrón de lixo 2020	07/08/2019
282	Obras e urbanismo	Aprobación expte. de contratación C10/2019. Camiño Xeral de Albixoi en dirección Cabrui e outros	07/08/2019
283	Obras e Urbanismo	Adxudicación obra Colocación de varandas nas Brañas da Valga. Expte. C09/2019	08/08/2019
284	Obras e Urbanismo	Aprobación cert. 2-final obra Camiño Ponte Carballa a Ponte Queiroa	08/08/2019
285	Obras e Urbanismo	Aprobación cert. 2-final obra Camiño Ponte Queiroa a Visantoña	08/08/2019
286	Obras e Urbanismo	Aprobación cert. 2-final obra Camiño Mesía a Soutelo e outros	08/08/2019
287	Obras e Urbanismo	Aprobación cert. 2 obra "P.A.I. en Xanceda"	08/08/2019



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-15048C0B Telf. (381) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2019/G010/000014

Nº DECRETO	NEGOCIADO	ASUNTO	FECHA
			9
288	Organización e funcionamento	Convocatoria XGL 17/2019 do 14/08/2019	12/08/2019
289	Contratación	Resolución do contrato de "Explotación de bar cafetería da piscina municipal do Concello de Mesía"	13/08/2019
290	Facenda municipal	Baixa no padrón de abastecemento de auga municipal	13/08/2019
291	Facenda municipal	Cambio de titular no padrón de abastecemento de auga municipal	13/08/2019
292	Economía e facenda	Execución do gasto 14/08/2019	14/08/2019
293	Servizos sociais	Suspensión temporal servizo de axuda no fogar á usuaria_NPS	14/08/2019
294	Persoal	Modificación xornada laboral auxiliar Servizo de Axuda no Fogar_MISM	16/08/2019
295	Economía e facenda	Xeración de Crédito 13/2019. SUBVENCION XUNTA. ACTIVIDADES DE DINAMIZACION DA LECTURA QUE PROMOVAN A IGUALDADE ENTRE HOMES E MULLERES	19/08/2019
296	Economía e facenda	Execución do gasto 21/08/2019	21/08/2019
297	Economía e facenda	Liquidación SAF mes xullo 2019	22/08/2019
298	Organización e funcionamento	Convocatoria Xunta de Goberno Local 18/2019 do 29/08/2019	27/08/2019
299	Facenda municipal	Cambio titularidade enganche de auga	28/08/2019
300	Economía e Facenda	Execución do gasto 29/08/2019. Nóminas mes agosto 2019	29/08/2019
301	Persoal	Bases e convocatoria proceso selectivo tecnico deportivo	30/08/2019
302	Organización e funcionamento	Convocatoria Comisión Informativa Permanente de Seguimento PXOM	30/09/2019
303	Servizos sociais	Baixa usuaria SAF	02/09/2019
304	Servizos sociais	Modificación intensidade SAF	02/09/2019
305	Persoal	Modificación xornada laboral aux. axuda no fogar	02/09/2019
306	Obras e Urbanismo	Acordo de non división en lotes do proxecto denominado "Camiño na Carballeira (Albixoi) e outros	03/09/2019
307	Obras e Urbanismo	Acordo de non división en lotes do proxecto denominado "Camiño de AC-223 ás Pereiras (Albixoi) e outros	03/09/2019
308	Servizos sociais	Alta usuario SAF	03/09/2019
309	Persoal	Modificación xornada laboral aux. axuda no fogar	03/09/2019
310	Organización e funcionamento	Convocatoria Pleno extraordinario 13/2019 do 09/09/2019	04/09/2019
311	Facenda municipal	Cambio titular no contrato de enganche á rede de abastecemento de	05/09/2019



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-15048C0B Telf. (381) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2019/G010/000014

Nº DECRETO	NEGOCIADO	ASUNTO	FECHA
		auga municipal	9
312	Facenda municipal	Cambio titular Padrón de lixo 2020	05/09/2019
313	Servizos Sociais	Alta usuario Servizo de Axuda no Fogar	06/09/2019
314	Persoal	Modificación xornada laboral auxiliar Servizo de Axuda no Fogar	06/09/2019
315	Servizos Sociais	Alta usuario Servizo de Axuda no Fogar	06/09/2019
316	Persoal	Modificación xornada laboral auxiliar Servizo de Axuda no Fogar	06/09/2019
317	Organización e funcionamento	Convocatoria XGL 19/2019 do 12/09/2019	10/09/2019
318	Economía e facenda	Xeración de Crédito 14-2019. Subvención Xunta. Novidades editoriais en Galego (Diferenzas entre o presupostado e o concedido)	11/09/2019
319	Persoal	Relación provisional admitidos e excluídos proceso selección contratación temporal técnico deportivo	12/09/2019
320	Economía e facenda	Execución do gasto 12/09/2019	12/09/2019
321	Obras e Urbanismo	Aprobación Cert. 2-final Camiño de Ponte Feás a Campelo (Mesía)e outros	12/09/2019
322	Economía e facenda	Execución do gasto 12/09/2019. Nóminas socorristas dia 1/09/2019	12/09/2019
323	Economía e facenda	Execución do gasto 16/09/2019.	16/09/2019
324	Obras e Urbanismo	Aprobación Cert. 1-final obra Pavillón Polideportivo na Vila -Castro	16/09/2019
325	Persoal	Modificación xornada laboral Auxiliar Servizo de Axuda no Fogar	17/09/2019
326	Servizos Sociais	Baixa usuaria Servizo de Axuda no Fogar	17/09/2019
327	Servizos sociais	Modificación xornada laboral aux. axuda no fogar	17/09/2019
328	Servizos sociais	Modificación xornada laboral aux. axuda no fogar	18/09/2019
329	Contratación	Adxudicación obra Camiño Xeral de Albixoi en dirección Cabrui e outros. Expte. C10/2019	18/09/2019
330	Persoal	Lista definitiva admitidos-excluídos proceso selectivo técnico deportivo e composición tribunal	18/09/2019
331	Contratación	Adxudicación contrato de servizos polo Control de Calidade da obra Camiño xeral de Albixoi en dirección Cabrui e outros	18/09/2019
332	Economía e facenda	Liquidación Servizo de Axuda no Fogar mes agosto 2019	19/09/2019
333	Facenda municipal	Alta no Padrón de lixo e servizos complementarios exercicio 2020	19/09/2019
334	Economía e facenda	Pago a xustificar 007-2019 e execución do gasto 19-09-2019	19/09/2019
335	Persoal	Nomeamento de secretaria accidental do Xulgado de Paz	19/09/2019



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-15048C0B Telf. (381) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2019/G010/000014

Nº DECRETO	NEGOCIADO	ASUNTO	FECHA
336	Servizos Sociais	Alta usuario Servizo de Axuda no Fogar	19/09/2019
337	Acción veciñal	Bases e convocatoria de axudas para o transporte escolar durante o curso 2019-2020	24/09/2019
338	Organización e funcionamento	Convocatoria XGL 20/2019 do 26/09/2019	24/09/2019
339	Persoal	Nomeamento persoal laboral temporal. Técnico deportivo.	25/09/2019
340	Economía e facenda	Execución do gasto 26/09/2019	26/09/2019
341	Economía e facenda	Execución do gasto 26/09/2019	26/09/2019
342	Economía e facenda	Execución do gasto 27/09/2019. Nóminas setembro 2019	27/09/2019

Non habendo intervencións, pasa o Sr. Alcalde ó seguinte punto da orde do día.

6. DAR CONTA DAS ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DAS SESIÓNS CELEBRADAS OS DÍAS OS DÍAS 11 DE XULLO, 2, 14 E 29 DE AGOSTO E 12 DE SETEMBRO DE 2019.

Manifesta o Sr. Alcalde que os concelleiros xa teñen copia das actas da Xunta de Goberno Local, por si alguén quere algunha aclaración ou manifestar o que estime oportuno.

Non manifestando nada ó respecto ningún concelleiro, pasa o Sr. Alcalde ó seguinte punto da orde do día.

7. ROGOS E PREGUNTAS.

Pregunta a Sra. Louro pola postura do grupo de goberno respecto ao proxecto mineiro de Erinsa e aos parques eólicos, respostando o Sr. Alcalde que, respecto a Erimsa, o concello posicionouse claramente cun documento contundente opoñéndose ao proxecto; outra cousa é o que lle pareza á Xunta. En canto aos proxectos eólicos, cando os teñamos tomaremos un pronunciamiento.

Pregunta a Sra. Louro por unha tala na fraga de Visantoña, si foi proporcionada tendo en conta a distancia de seguridade requirida, respostando o Sr. Alcalde que a liña ten dereitos de paso, e quen a tutela é a Xunta, porque así está conveniado, a través do distrito forestal de Ordes. Teñen outorgada unha concesión e cumpren as distancias, tiñan a potestade de facelo.

Pregunta a Sra. Louro polas medidas de prevención de incendios forestais, porque non se aplican as medidas previstas na lei, estando Mesía en zona de risco. Teño aquí unha foto de agosto dunha pista no camiño dos muíños na que se aprecia que non está afeitada nin se cumpren as distancias. Resposta o Sr. Alcalde que esa pista non a viu vostede ultimamente porque está afeitada. Unha cousa son as distancias das plantacións e outra a



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-15048C0B Telf. (981) 63 70 01 - Fax 63 70 69

exp. 2019/G010/000014

limpeza dos viarios, e levamos mes e medio limpando as pistas forestais con tres tractores, así que podería ensinarlle moitas pistas en moitas parroquias que están afeitadas. Temos 107 kilómetros cadrados de superficie e poucos concellos poderán presumir de ter os viais nun estado tan bo como os nosos. Agora ben, todo é mellorable.

Pregunta a Sra. Louro polos puntos de captación de auga para cisternas, cuántas hai no concello e onde, respostando o Sr. Alcalde que achegareille un plano, que é mellor.

Fai un rogo a Sra. Louro, manifestando que os veciños de Cabrui demandan un punto de captación de auga para a parroquia, manifestando o Sr. Alcalde que é verdade, que en Cabrui non hai, tomo nota.

Fai outro rogo a Sra. Louro, relativo á necesidade de cumprir coa normativa de incendios, xa que o 4 de agosto houbo unha queima en Visantoña en zona de perigo de incendios, e descoñecemos porqué se fixo. Manifesta o Sr. Alcalde que non o fixo o concello, foi un acto vandálico. En todo caso, estou dacordo con vostede en que debe cumprirse a normativa.

Fai outro rogo a Sra. Louro, relativo á asignación de medios económicos que estime oportuna aos grupos políticos, manifestando o Sr. Alcalde que pode presentar a súa proposta por rexistro e a estudaremos.

Pregunta o Sr. López porqué non se deron avisos á xente para facer limpeza das súas fincas en cumprimento da lexislación vixente, porque nalgúns sitios xa están empezando a poñer sancións, respostando o Sr. Alcalde que é certo, fágome cargo.

Continúa dicindo o Sr. López que o verdadeiro incendio que Mesía está a sufrir é a fuga de xente, hai que intentar atraer ás familias, temos recursos para que a xente non se vaia. Manifesta o Sr. Alcalde que esa preocupación témola todos, é un problema nacional, nós procuramos que os veciños disfruten dos máximos servizos que se lle poidan outorgar, pero milagres non fai ninguén. En calquera caso, todas as propostas ao respecto serán recollidas por este Pleno.

Non habendo máis intervencións nin asuntos que tratar, o Sr. Alcalde, sendo as catorce horas, levanta a sesión, da que eu, Secretario - Interventor, certifico.

Visto e Prace,
O alcalde,